

## PEZA DO MES

decembro

2011



**SÍTULAS DE SANTOMÉ**

XUNTA DE GALICIA



SÍTULA CARENADA

## Sítulas de Santomé

A peza deste mes, coa que pechamos o ano 2011, está representada por un conxunto de elementos de sítulas, entre as que destacan dúas practicamente enteiras, procedentes de diferentes campañas e áreas do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé.

Con esta elección, queremos contribuír, dalgunha forma, a dar a coñecer algúns dos utensilios que compuñan a vaixela metálica de época romana, un dos apartados menos estudados da arqueoloxía, tanto hispana como galega e que resulta de grande interese para o coñecemento de aspectos relacionados non só coa vida cotiá dos seus usuarios, senón tamén co comercio, co artesanado, etc.

A sítula é un recipiente metálico, de forma troncocónica, cilíndrica ou ovoide, sen colo, de orixe oriental; atopámola en baixorrelevos sirios e en pinturas dalgunhas tumbas exipcias do século XVI a.C., sendo amplamente introducido no mundo grego e romano. O termo procede do latín *situla-ae* e pode traducirse por caldeiro cubo ou balde, destinado principalmente para conter e transportar líquidos. Algún autor, baseándose nunha pasaxe das *Etimoloxías* de San Isidoro, mantén que eran empregadas para beber e que foron chamadas así por aquelas persoas que tiñan sede, *sitientibus*.

Os elementos que integran este conxunto resultan de grande interese para esclarecer aspectos cronolóxicos e funcionais, pois proceden dun contexto arqueolóxico ben definido, tanto desde o punto de vista cronolóxico como espacial. Aparece integrado polas seguintes pezas:

Unha sítula realizada nunha fina lámina de metal por martelado e estirada a torno; presenta forma bitroncocónica, con forte carena no terzo inferior, fondo lixeiramente convexo e borde esvasado, rematado nunha pestana vertical. Mide 19,5 cm de alto, 13,1 de diámetro na boca, 17,5 de diámetro na carena e 9 cm de diámetro na base. Deficiente estado de conservación con restos de soldadura.

Outra, de paredes rectas con lixeira carena baixa e borde lixeiramente esvasado con pestanas triangulares con perforación circular, recortadas na propia folla de metal, para suspensión da asa. Base circular con refundido central. Ausencia de pés e molduras. Mide 9,1 cm de alto, 10,5 de diámetro da boca e 4 de diámetro da base. Ao igual que a anterior, feita martelando unha lámina de metal, estirada no torno.

Os apliques están representados por dous exemplares, con lixeiras variantes; corresponden ao tipo definido pola presenza dun escudo circular decorado cun rostro humano, no que se representan o nariz, os ollos, a boca e o bigote, delimitado por unha coroa circular por medio de incisións verticais paralelas. Presentan un traveseiro decorado con liñas incisas paralelas, sobre o que se sitúa o anel de suspensión, de forma ovalada, deformado polo uso. Corresponden ao tipo I da clasificación M. Delgado.

Outro exemplar, de maiores dimensións, consta dunha placa cuadrangular calada con decoración de dupla e tripla soga. Presenta perforacións para remaches, tanto no traveseiro, para adaptarse ao borde da sítula, como nos extremos inferiores.

A fabricación dos apliques realízase por fundición en moldes bivalvos, soldados aos bordes das sítulas, aínda que hai exemplares como este último, que aparece remachado por cravos á vaixela.

No que respecta aos pés, aínda que un deles aparece fragmentado, pódese clasificar como pertencente ao tipo VI de Delgado, caracterizado por presentar unha coroa con soportes rectangulares a intervalos regulares. É o único que pode considerarse exento, pois a súa forma permitiríalle cumprir a súa función sen necesidade de ser fixado ao recipiente. O outro ten forma de garra, semellante ao que se documenta na vila romana de Pedrosa de la Vega, constituído por un anel, soldado na súa orixe ao fondo do recipiente, con tres pés a modo de garras, nas que non se acentúan os detalles dos dedos e das uñas. Tamén en Peña Forua, documentouse outro de características parecidas, aínda que sen destacarse ben os cinco dedos.

Finalmente, no tocante ás asas, unha delas corresponde ao tipo máis numeroso, recortada nunha folla de metal decorado con unha serie de puntos en zigzag, obtidos polo martelado, e a outra, de sección rectangular, obtida por fundición, rematando en punta aguda.

A primeira das sítulas corresponde a un tipo pouco coñecido en territorio hispánico, pero relativamente



APLIQUES DE SÍTULA

ben documentado na zona portuguesa. Na freguesía de Flor da Rosa (concello de Crato), descubriuse unha das mesmas características que a de Santomé, con motivo dunha plantación arbórea, coa particularidade de que apareceu cun applique Delgado I, o mesmo que nós presentamos, e cunha asa recortada nunha folla de metal. Así mesmo, da Torre dos Namorados (Fundao), procede outra tamén de forma idéntica ao applique tipo I de Delgado, atopada de forma casual nun pozo antigo, ao facer outro novo, en compañía de outras dúas semellantes á segunda que nos presentamos. Un terceiro exemplar, procedente da mina do Fojo das Pombas (Valongo), leva tamén o típico applique. Nas láminas de debuxos de L. Vives, conservados na actualidade na Hispanic Society of America de Nueva York, aparece outra sítula idéntica cos seus correspondentes apliques tipo I. En territorio hispánico, quíxose relacionar con este tipo unha procedente de *Caesaraugusta*, e outra de El Palomar (Toledo); non obstante, pensamos que se trata de exemplares moi diferentes, a pesar de presentar carena.

As dúas sítulas foron descubertas na croa do castro, na zona norte, próxima á muralla e ao torreón defensivo, no interior dunha construción de esquinas redondeadas. Apareceron sobre o pavimento de uso da estancia, a escasamente 10 cm de distancia unha da outra, nun contexto con abundante cerámica de tradición castrexa, terra sigillata hispánica, e co que resulta mais interesante, cun *dupondio* de Adriano. Este ambiente sitúanos a mediados do século II d. C., momento que corresponde ao último momento de ocupación e abandono do recinto castrexo.

O resto do material aquí estudado está en relación co asentamento tardorromano de Santomé. Merece espe-

cial consideración o contexto no que se documentaron dous apliques e unha das asas, nun espazo que, pola presenza de escouras, carbóns, residuos metálicos, sinais de queimado e un estanque, relaciónase cun pequeno taller dedicado ao mantemento, recuperación e restauración de pezas de bronce e ferro, para o seu uso na vida cotiá, máis que para a fabricación de pezas orixinais.

Aparentemente pode resultar contradictoria a relación establecida entre este tipo de sítula co applique Tipo I, se temos en conta que a nosa peza apareceu nun contexto de mediados do século II d. C., e os apliques, noutro que vai desde mediados do III ata comezos do V d. C. Pero será este propio ambiente o que axude a explicar a situación.

Resulta evidente que, nun principio, estes apliques formaron parte destas sítulas con carena baixa, no século II d., pero ao ser o seu metal máis fráxil e quebradizo que os dos propios apliques, estes puideron ser reempregados en etapas posteriores noutro tipo de sítulas. Isto explicaría que, en Santomé, os apliques aparezan nun espazo concreto, dedicado á metalurxia, nunha etapa tardía. E tamén que a maioría dos apliques publicados ata o de agora se documenten nesta etapa tardía.

A segunda das sítulas, representa un tipo moi estendido na península, sobre todo na meseta, sendo precisamente un dos elementos característicos que axudaron a definir o enxoval das denominadas necrópoles do Douro, podendo ser catalogada como o tipo 1a de Palol. Tamén aparecen representadas, como xa vimos, na Torre dos Namorados, e en Castejón (Navarra).





FACHADA DO EDIFICO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

galicia

Museo Arqueolóxico



XUNTA  
DE GALICIA